


*Memoria de
actividades deportivas*


2014/2015



BE MUVER!


▲ *activ@* + *saudable* ♥ *happy*

Servizo de Deportes
Universidade de Vigo



Edita: Servizo de Deportes, Universidade de Vigo

Depósito legal: VG 125 - 2012




*Memoria de
actividades deportivas
2014-2015*

Índice

	<i>Presentación do reitor</i>	7
1	<i>Actividades de lecer e iniciación deportiva</i>	10
	1.1. Escolas deportivas	
	1.2. Outros cursos e actividades de iniciación	
2	<i>Actividades na natureza</i>	16
	2.1. Rutas culturais	
	2.2. Camiño de Santiago - Ruta da Prata	
	2.3. Delecer: natureza e aventura	
	2.4. Augaventura campus mar life	
	2.5. Actividades na neve	
3	<i>Deporte e saúde</i>	22
	3.1. Exercicio físico personalizado	
	3.2. Medicina deportiva	
	3.3. Fisioterapia	
	3.4. Proxecto Campus da Auga ConVida	
	3.5. Participación na Rede Española de Universidades Saudables (REUS)	
4	<i>Competicións universitarias</i>	28
	4.1. Competicións internas	
	4.2. Campionatos galegos universitarios	
	4.3. Campionatos de España Universitarios	
	4.4. XXVIII Xogos Deportivos Galaico-Durienses	
5	<i>Seccións federadas</i>	40
	5.1. Campus de Ourense	
	5.2. Campus de Vigo	
6	<i>Eventos</i>	50
	6.1. Organizados polo Servizo de Deportes	
	6.2. Coa Colaboración do Servizo de Deportes	
	6.3. Sede doutras actividades e eventos	

7	<i>Actividades de formación e divulgación</i>	62
	7.1. Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva	
	7.2. Bolsas, prácticas de estudos do alumnado	
	7.3. Programa Outdoor Campus de desenvolvemento de competencias	
8	<i>Outras actuacións</i>	68
	8.1. Calidade	
	8.2. Internacionalización	
	8.3. Igualdade	
	8.4. Excelencia Deportiva	
	8.5. Programa de actividades para o alumnado sénior	
	8.6. Alianzas	
9	<i>Servizos e vantaxes</i>	76
	9.1. Tarxetas deportivas universitarias	
	9.2. Tarxetas Ponte en Forma	
	9.3. Centros Deportivos Abertos	
	9.4. Descontos para a comunidade universitaria	
10	<i>Instalacións deportivas</i>	82
	10.1. Xestionadas polo Servizo de Deportes	
	10.2. Relación das entidades usuarias	
	10.3. Centros deportivos universitarios	
	10.4. Espazos non convencionais	
11	<i>Comunicación web e redes sociais</i>	90
	11.1. Páxina web	
	11.2. Redes Sociais	
12	<i>Arquivo de prensa</i>	96
13	<i>Directorio e entides colaboradoras</i>	103



Presentación do reitor



Presentación do reitor



Velaquí unha nova memoria do noso Servizo de Deportes que dá conta das actividades, competicións, cursos e demais tarefas desenvolvidas durante o curso académico 2014-2015.

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice uns mínimos que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Este documento pretende visibilizar como na Universidade de Vigo se está a camiñar na dirección correcta en canto ao fomento de hábitos e estilos de vida máis activos e saudables entre os membros da comunidade universitaria.



Desde o Servizo de Deportes estase apostando neste enfoque centrado nas persoas e que dá orixe á nova campaña do vindeiro curso na que descubriremos a xeración dos/as Musers: persoas que forman parte da Universidade de Vigo, se preocupan por manterse saudables, respectuosas e solidarias, practican deporte, viaxeiras e aventureiras, competitivas, traballan en equipo, inconformistas e sempre queren acadar unha boa nota.

Esta breve introdución non pode finalizar sen o recoñecemento ao esforzo e constancia de todas as persoas que traballan pola mellora do servizo, tratando de responder sempre ás demandas da comunidade universitaria.


Unha aperta deportiva para todas e todos.

Salustiano Mato de la Iglesia

Reitor



*Actividades de lecer e
iniciación deportiva*



Actividades de lecer e iniciación deportiva



Un dos obxectivos principais do Servizo de Deportes é fomentar a iniciación na práctica deportiva e, polo tanto, a consolidación dunha vida máis activa naquelas persoas con hábitos sedentarios. Desta maneira establecemos diferentes programas e actividades que de forma lúdica, sirvan como primeira inmersión ou como estímulo para continuar unha práctica deportiva moderada e regular.

1.1. Escolas deportivas

As escolas deportivas serven para aprender e practicar unha determinada disciplina deportiva, ben ao longo dun cuadrimestre ou ao longo de todo o curso. Existe unha grande variedade de actividades entre as que escoller. Neste ano 517 participaron de maneira regular neste programa, dos cales 325 foron mulleres e 193 homes.

1. Actividades de lecer e iniciación deportiva

OURENSE	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Wushu	-	-	-	-	-
Pilates	1	11	0	15	27
Aquagym	0	5	0	0	5
Natación iniciación	1	3	2	2	8
Natación perfeccionamento	1	1	1	1	4
Taichí	4	1	2	0	7
Danzas da Polinesia	0	1	0	1	2
Danza oriental	0	6	0	5	11
Aeróbic	0	10	0	10	20
Hapkido	3	0	2	0	5
Rugby	0	0	0	1	1
Tenis	5	4	5	3	17
Tenis infantil	11	13	11	13	48
Voleibol	12	14	12	14	52
Xadrez	1	4	1	4	10
Defensa persoal	5	1	5	1	12
Ioga	0	1	0	2	3
Total	44	75	41	72	232

PONTEVEDRA	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Aeróbic + Power Pump	0	36	0	21	57
Pilates	1	16	2	15	34
Taichí	1	2	0	1	4
Artes marciais mixtas	2	2	1	0	5
Total	4	55	3	37	99

VIGO

	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Ioga	7	21	7	22	57
Meditación	3	2	1	3	9
Tenis	17	6	17	6	46
Xadrez	13	0	-	-	13
Orientación e GPS	1	0	0	0	1
Aquazumba	0	3	0	2	5
Natación	10	6	12	7	35
Squash	6	4	7	3	20
Total	57	42	44	43	186

1.2. Outros cursos e actividades de iniciación

Campus de Vigo

Master Class de kendo

O Club Kendo Vigo - Fuji Dojo, único club de Kendo en Galicia organizou a primeira master class na Universidade de Vigo o 10 de setembro de 2014, no Pavillón Universitario do campus de Vigo. Contou con 11 participantes.

Master Class de tenis

Celebráronse os días 22 e 23 de setembro, na pista polideportiva exterior do campus Lagoas Marcosende. Impartidas por monitores do Club de Tenis Universidade de Vigo.



Curso Iniciación rugby

Impartido nas instalacións deportivas do campus Lagoas Marcosende de Vigo. Tratouse dun curso de 30 horas de duración coa posibilidade de validación dun ECTS.

A actividade durou dende o 4 de novembro ao 2 de decembro de 2014.

Xornada de portas abertas de escalada

Celebrouse o 24 de febreiro de 2015 no pavillón universitario de Vigo, organizada pola Federación Galega de Montañismo. Esta xornada xurdiu co obxectivo de promover a escalada e revitalizar o rocódromo do pavillón universitario. Contou con 10 participantes.

Curso de escalada

A Federación Galega de Montañismo organizou durante os días 29, 30 e 31 de maio de 2015 un curso de escalada tanto en interior, no rocódromo do pavillón universitario de Vigo, como en exterior, na serra do Galiñeiro. Contou con 14 participantes.





Actividades na natureza

2

Actividades na

natureza



A unión resultante entre deporte e natureza probablemente sexa o mellor exemplo da nosa filosofía “activo, saudable e happy”. Esta conxunción entre ambas ofrece infinidad de posibilidades que inflúen positivamente na calidade de vida das persoas que participan dela. O respecto polo medio ambiente, o reforzo das relacións persoais entre os participantes ou o desenvolvemento das habilidades persoais necesarias para enfrentarse a imprevistos só son algunhas das vantaxes que conleva a práctica deportiva na natureza, de maneira que dende o Servizo de Deportes propoñemos diferentes opcións, en colaboración con empresas especializadas do sector, para que a comunidade universitaria teña a oportunidade de achegarse á súa práctica.

2.1. Rutas culturais

Ao longo de todo o curso, o Servizo de Deportes organizou once rutas de sendeirismo con diversos niveis de dificultade, ademais dunha ruta extraordinaria de 110 km, en tres etapas, que forma parte da Ruta da Prata. Dirixido a todas aquelas persoas interesadas tanto no exercicio físico en si como no coñecemento do noso patrimonio natural e arqueolóxico que, en moitos dos casos, finalizaron con actividades de tipo cultural, lúdico ou gastronómico como o magosto, ou os baños nas termas de Outariz.

Estes percorridos, deseñados orixinariamente para a comunidade universitaria, ampliáanse ao público en xeral no caso de que non se cubran a totalidade das prazas. Ademais, facilítase un autobús que traslada aos participantes dos campus de orixe ata o lugar de saída e regreso.

A participación global rexistrada foi de 551 inscricións, das cales 267 foron mulleres e 301 homes.

RUTA E DATA	Homes	Mulleres	Total
Monterrei (Ourense). Cata de viños D.O. 29 Km <i>Sábado 18 de outubro</i>	26	26	52
Ourense Termal. Visita ó Castro de San Tomé e Termas de Outariz. 23 Km <i>Sábado 8 de novembro</i>	17	20	37
Trasalba- Puzo do Lago- Castro de San Cibrán de Lás (Ourense) Visitas ao Pazo Museo Otero Pedraio, complexo mineiro de Puzo do Lago e ó Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrán de Lás. 20 Km <i>Sábado 22 de novembro</i>	34	20	54
Magosto (Ourense) Visita guiada a Santa María de Xunqueira de Ambía. Magosto con produtos típicos de Ourense. 24 Km <i>Sábado 13 de decembro</i>	16	8	24
Olelas- Os Castelos (Ourense) Visita guiada Ós Castelos. 25 Km <i>Sábado 10 de xaneiro</i>	19	15	34
Porta do Alén – Monte Seixo (Pontevedra) Paradas interpretativas ó longo do percorrido. 21 Km <i>Sábado 24 de xaneiro</i>	22	18	40
Chandrexa de Queixa (Ourense) <i>Sábado 7 de febreiro</i>	35	20	55
Ruta da Raíña Santa (Ourense). Visita guiada á capela de Santo Miguel de Celanova . 26 Km <i>Sábado 21 de febreiro</i>	27	23	50
Península de O Grove (Pontevedra) 25 Km <i>Sábado 7 de marzo</i>	34	37	71
Ribeira Sacra (Lugo) Paradas interpretativas nas igrexas románicas do camiño. 25 Km <i>Sábado 21 de marzo</i>	32	39	61
Ruta do Morrazo. Baño na praia. 25 Km <i>Sábado 18 de abril</i>	30	33	63
Extraordinaria: Camiño de Santiago-Ruta da Prata <i>Venres 1, sábado 2 e domingo 3 de maio</i>	9	8	17
TOTAL	301	267	551

2.2. Camiño de Santiago - Ruta da Prata

1, 2 e 3 de maio

Esta foi a terceira edición do Camiño de Santiago, organizada polo Servizo de Deportes.

O percorrido nesta ocasión foi de 110 km, repartidos en tres etapas:

1ª Etapa: Ourense - Dozón (40 Km)

2ª Etapa: Dozón - Bandeira (35 Km)

3ª Etapa: Bandeira - Santiago de Compostela (35 Km)

Estas xornadas en ruta serviron tamén para poñer en valor a Guía do Camiño de Santiago - Vía da Prata editada pola propia Universidade de Vigo.

Participaron un total de 27 persoas, entre elas 3 persoas da Asociación APAM e os seus cuidadores, que puideron gozar dunha experiencia marabillosa.

2.3. Delecer: Natureza e aventura

O programa Delecer alcanzou este curso a súa décimoquinta edición. As actividades tiveron lugar durante os meses de maio e xuño, previa inscrición a través do Deporxest e en colaboración con empresas con ampla traxectoria no sector, nas que participaron un total de 28 persoas. A de parapente foi, un ano máis, a que contou cunha maior aceptación, cun total de 20 participantes: 11 mulleres e 9 homes. No tiro con arco rexistráronse 8 persoas: 6 homes e 2 mulleres.



	Homes	Mulleres	Total
Parapente	9	11	20
Pontismo	-	-	-
Tiro con Arco	6	2	8
TOTAL	15	13	28

2.4. Augaventura Campus Mar Life

Un dos obxectivos principais do Servizo de Deportes é fomentar a iniciación na práctica deportiva, en tal sentido, a maior parte dos programas e eventos son presentados de forma lúdica, para que así sirvan como primeira inmersión ou como estímulo para continuar unha práctica deportiva moderada e regular.

O programa específico de actividades no medio acuático é un claro exemplo. Desenvolveuse por cuarto ano consecutivo a través da colaboración entre o Campus do Mar e o Servizo de Deportes e planificouse en dúas quendas, unha en outono e outra en primavera.

Mediante estas actividades, a comunidade universitaria ten a oportunidade de gozar, durante un día, de deportes no medio acuático en condicións moi vantaxosas

Aos tradicionais rafting, surf, windsurf e mergullo engadiuse este ano unha nova acción, unha excursión en kajak pola Enseada da Illa de San Simón con visita aos puntos de interese e instalacións da illa, ademais de mergullo de superficie nos seus arredores. En total a participación chegou ás 186 persoas, repartidas case por igual entre homes e mulleres.


	OUTONO		PRIMAVERA		TOTAL
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Windsurf	8	4	4	7	23
Descenso de rápidos (Rafting)	5	7	26	19	57
Mergullo	8	10	-	-	18
Surf	14	21	20	26	81
Vela	-	-	3	4	7
Total	35	42	53	56	186

2.5. Actividades na neve

En colaboración con Prado Surf Escola e mais Viajes Sierra, o Servizo de Deportes ofreceu, por quinto ano consecutivo, a posibilidade á comunidade universitaria, entre os meses de xaneiro e marzo, de desfrutar de fins de semana na neve. Os prezos incluían o desprazamento ata a estación de esquí, o aloxamento, a manutención e o forfait.

Prado Surf Escola ofreceu varias saídas á Cordilleira Cantábrica e unha saída a Andorra.

Viajes Sierra ofreceu unha viaxe a finais de xaneiro á Cordilleira Cantábrica.



Deporte e saúde

3

Deporte e saúde



O Servizo de Deportes avoga por crear unha verdadeira cultura saudable que axude a implicar a todos os colectivos que compoñen a Universidade na práctica deportiva de forma cotiá, no fomento da saúde e na loita contra o sedentarismo.

Para apoiar este obxectivo conta en cada un dos seus tres campus cunha unidade especializada que ofrece servizos médico-deportivos ás persoas da comunidade universitaria que así o demandan.

3.1. Exercicio físico personalizado

O exercicio físico personalizado ten como principal vantaxe a práctica segura, evitando lesións e maximizando os resultados positivos daqueles que se acollen a esta su-

pervisión. O Servizo de Deportes ofrece diferentes programas: iniciación ao exercicio físico, condición física xeral, perda de peso, forza e hipertrofia, deporte de competición, prevención e recuperación de lesións e preparación de carreiras populares. Os máis demandados durante este curso foron o de condición física xeral, cun total de 73 inscritos, o de forza e hipertrofia, con 22 e o de preparación de carreiras populares, con 15.

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	Masc	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Iniciación ao exercicio físico	23	15	38	5	7	12	4	12	16
Condición física xeral	37	25	62	26	20	46	56	17	73
Perda de peso	5	9	14	12	7	19	5	2	7
Forza e hipertrofia	18	2	20	50	0	50	22	0	22
Deporte de competición	2	2	4	11	2	13	0	0	0
Recuperación de lesións	11	7	18	2	2	4	11	2	15
Preparación de carreiras populares	0	0	0	3	0	3	13	2	15
Total	96	60	156	109	38	147	111	39	150

3.2. Medicina deportiva

A medicina deportiva é o campo que estuda os efectos da práctica da actividade física no organismo das persoas dende o punto de vista da prevención. No Servizo de Deportes trabállase atendendo a tres liñas diferentes: o control sobre a evolución dos participantes no programa Ponte en Forma, o asesoramento a calquera persoa pertencente á comunidade universitaria que así o solicite e a análise do risco cardiovascular das persoas usuarias en xeral.

Revisións médico - deportivas

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	Masc	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Consultas puntual	3	4	7	0	0	0	1	3	4
Consultas dietéticas	0	0	0	1	0	1	2	1	3
Revisión médico-deportiva básica	36	24	60	27	25	42	56	32	88
Revisión médico-deportiva avanzada	0	1	1	2	0	2	2	2	4
Total	39	29	68	30	25	45	61	38	95

Cuestionarios de screening cardiovascular

Segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva (ACSM, 1998), un total de 589 persoas (o 14,58 % do total) amosou sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario

Nestes casos a unidade de medicina deportiva púxose en contacto con elas para ofrecerlles a posibilidade de realizar un recoñecemento médico que aclarase a súa situación e garantise a seguridade da súa práctica deportiva.

	Risco moderado - alto			Risco baixo			Sen risco			Total	
	Nº	Idade media	%	Nº	Idade media	%	Nº	Idade media	%	Nº	Idade media
Homes	248	30,52	10,38	331	29,1	13,86	1810	26,12	75,76	2389	26,99
Mulleres	341	27,59	20,68	297	28,04	18,01	1011	25,67	61,31	1649	26,49
Total	589	28,82	14,58	628	28,6	15,56	2821	25,96	69,86	4038	26,78

3.3. Fisioterapia

As unidades de fisioterapia que o Servizo de Deportes ten en cada un dos tres campus realizaron 340 sesións de fisioterapia durante o curso 2014/2015 cun total de 112 persoas usuarias (29 no campus de Ourense, 16 no de Pontevedra e 67 no de Vigo).

	OURENSE		PONTEVEDRA		VIGO		TOTAL	
	Sesións	Persoas	Sesións	Persoas	Sesións	Persoas	Sesións	Persoas
Homes	99	20	48	13	48	24	195	57
Mulleres	41	8	5	2	99	42	145	52
Total	140	28	53	15	147	66	340	109


3.4. Proxecto Campus da Auga ConVida

O proxecto Campus ConVida, que se iniciou no ano 2011 coa colaboración do Consello Social, vinculouse este curso académico co proxecto de especialización estratéxica do Campus de Ourense (Campus da Auga) e pasou a incorporar diferentes elementos relacionados coa saúde e o elemento acuático (termalismo, actividades deportivas acuáticas, hidratación, etc.) a todas as súas principais actuacións como son os Martes Saudables, os obradoiros de cocina saudable, promotores de saúde ou o de sexualidade e actividades deportivas saudables como os programas Ponte en forma ou as Rutas culturais.

Os Martes Saudables, que este ano celebraron dez sesións no campus de Ourense, catro no campus de Vigo e 2 dúas no de Pontevedra, acolleron a un total de 520 persoas (59 % mulleres e 41 % homes) que tiveron a ocasión de recibir unha valoración da súa condición física saudable por parte dun equipo de especialistas así

como orientacións personalizadas para seguir un estilo de vida máis saudable e activo.



Os resultados destas valoracións reflectiron que, aínda que a maioría do alumnado clasificouse como normopeso, tamén evidenciouse a existencia dunha porcentaxe considerable de sobrepeso e obesidade e, no caso das mulleres, tamén aparece un grupo de universitarias con baixopeso. No que respecta á actividade física, soamente a metade dos homes e a terceira parte das mulleres realizaban a actividade física recomendada polas organizacións mundiais de saúde.




3.5. Participación na Rede Española de Universidades Saudables (REUS)

A Universidade de Vigo asistiu a VIII Asemblea Xeral da REUS na cal se tomaron importantes acordos entre os que destaca constituírse como entidade xurídica independente antes de final do ano 2015 coa finalidade de gañar en operatividade e eficiencia.

Para acadar este obxectivo conformouse un grupo de seis universidades, entre as cales se atopa a Universidade de Vigo, que se encargarán de redactar os futuros estatutos así como de convocar e pilotar as primeiras eleccións da nova asociación.



Competicións universitarias



Competicións universitarias



4.1. Competicións internas

4.1.1. Ligas universitarias

As ligas universitarias permítenlle aos membros da comunidade a creación de equipos para competir ó longo do curso en diferentes modalidades: baloncesto mixto, balonmán mixto, fútbol sala feminino e masculino, fútbol 7 mixto, rugby mixto e voleibol mixto.

A competición divídese en dúas fases: unha fase previa por campus e unha final inter-campus entre os equipos gañadores da primeira fase.

4.1.1.1 Fase previa

MODALIDADES	Número de equipos	Participantes		Equipo gañador
		Homes	Mulleres	
Fútbol sala masculino	30	286	0	Coseriu
Fútbol 7 masculino	20	261	0	Coseriu
Baloncesto masculino	5	49	0	Toscas
Total	55	596	0	

MODALIDADES	Número de equipos	Participantes		Equipo gañador
		Homes	Mulleres	
Fútbol sala masculino	7	79	0	7 a 9 Cafyd
Fútbol sala feminino				Inneftas
Fútbol 7	11	130	3	Descansa
Voleibol mixto	4	18	18	Ya Perdimos
Baloncesto masculino	2	19	0	Drink Team
Balónmán masculino	1	13	0	Fisioteam
Total	25	259	21	

MODALIDADES	Número de equipos	Participantes		Equipo gañador
		Homes	Mulleres	
Baloncesto masculino	14	168	-	Sangra Bonito
Balónmán mixto	1	0	14	Fisioteam
Fútbol sala feminino	5	-	60	Parrulas
Fútbol sala masculino	50	600	-	Florida
Fútbol 7 masculino	41	656	-	Bodegas Chemoka
Voleibol mixto	4	30	18	Descansa 2.0
Total	115	1452	92	

4.1.1.2 Final Intercampus

Campus de Pontevedra, 26 de febreiro

MODALIDADES	Nº de equipos	Participantes		1º Equipo clasificado	2º Equipo clasificado
		Homes	Mulleres		
Baloncesto masculino	4	48	-	Sangra Bonito <i>Campus de Vigo</i>	Vigo City Thunders <i>Campus de Vigo</i>
Fútbol sala masculino	4	48	-	Florida <i>Campus de Vigo</i>	SD Queixo da Bama <i>Campus de Vigo</i>
Fútbol sala feminino	3	-	36	Campus de Pontevedra	Parrulas <i>Campus de Vigo</i>
Fútbol 11 mixto	4	64	0	Bodegas Chemoka <i>Campus de Vigo</i>	Yellow Fever <i>Campus de Vigo</i>
Voleibol mixto	3	18	18	Descansa 2.0 <i>Campus de Vigo</i>	A por todas <i>Campus de Ourense</i>
Total	18	178	54		
Total participantes		92			

4.1.2. Copa Fair Play

Os equipos que tomaron parte nas ligas universitarias tiveron a oportunidade de disputar, logo de finalizar a fase intercampus, a Copa Fair Play, unha competición desenvolvida polo sistema de copa, con enfrontamentos directos a un partido.

4.1.2.1. Fase previa

Do 16 de marzo ao 3 de abril de 2015

MODALIDADES	Número de equipos	Participantes		Equipo gañador
		Homes	Mulleres	
Fútbol sala	23	245	–	D. Team
Fútbol 7	13	171	1	Coseriu
Baloncesto	2	22	0	Toscas
Total	38	438	1	

MODALIDADES	Número de equipos	Participantes		Equipo gañador
		Homes	Mulleres	
Fútbol sala masculino	9	93	..	Pabellón Team
Fútbol 7 masculino	11	34	–	AC Calor
Voleibol mixto	9	5	4	Inneftosteam
Total	29	132	4	

MODALIDADES	Número de equipos	Participantes		Equipo gañador
		Homes	Mulleres	
Baloncesto	8	48	–	Sangra Bonito
Fútbol sala feminino	6	-	48	Parrulas
Fútbol sala masculino	31	372	-	S.D. Queixo de Bama
Fútbol 7 masculino	21	336	–	Roma Senza Pietá
Total	66	756	48	

4.1.2.2. Fase final

- Fase final: 29 de abril no campus de Vigo
- Participantes na fase final: 48 homes distribuídos en seis equipos
- Modalidades: baloncesto, fútbol e fútbol 7.
- Os resultados finais foron os seguintes:

Final Copa Fair Play	Número de equipos	Participantes		1º Equipo clasificado
		Homes	Mulleres	
Modalidades				
Baloncesto Vigo/Ourense	2	23	–	Drink Team <i>Campus de Vigo</i>
Fútbol /: Ourense / Vigo / Pontevedra	3	32	–	AC Calor <i>Campus de Pontevedra</i>
Fútbol sala: Ourense / Vigo / Pontevedra	3	35	–	Pabellón Team <i>Campus de Vigo</i>
Total	8	100	–	



4.1.3. Campionatos Individuais

Tenis

- Lugar: pistas de tenis do Campus de Vigo
- Fase previa: do 9 ao 13 de marzo / Fase Final: 17 e 18 de marzo
- Modalidades: individual masculino federado, individual masculino non federado e individual feminino
- Participantes: 30

Resultados:

- Categoría feminina:

- Campioa: Adriana López
- Subcampioa: Ana Fernández

- Categoría masculina federada:

- Campión: Alexandre Pérez
- Subcampión: Xosé Romero

- Categoría non federada masculina

- Campión: Alfonso Conde
- Subcampión: Bruno Iglesias

Pádel

- Lugar: Cidade deportiva do Círculo Mercantil de Vigo
- Datas: do 23 ao 26 de marzo de 2015
- Modalidades: dobres masculino
- Núm. de participantes: 32

Clasificación:

- 1º clasificado: Sánchez/ Fariñas
- 2º clasificado: Fernández / Rodríguez

4.2. Campionatos galegos universitarios

4.2.1. Xadrez

- Organización: Universidade de Vigo. Campus de Vigo
- Data: 26 de marzo de 2015

A Universidade de Santiago de Compostela fíxose co primeiro posto da clasificación por universidades e coa meirande parte do podio a nivel individual.



Podio absoluto	Podio de promoción	Clasificación por universidades
1º David Gómez Diéguez (USC)	1º Daniel Gil Fandiño (UVI)	1ª Universidade de Santiago de Compostela
2º Manuel Carballo Cancela (USC)	2º Marcos García Tenreiro (USC)	2ª Universidade de Vigo
3º Javier Varasa Pérez (UVI)	Martín Vázquez Fernández (UVI)	3ª Universidade da Coruña

4.2.2. Deportes colectivos

- Organización: Universidade da Coruña. Campus de Ferrol
- Data: do 11 de marzo ao 12 de marzo de 2015

Modalidade	Núm. de equipos	Participantes	Universidade Gañadora
Baloncesto Feminino	2	24	Universidade de Santiago de Compostela
Baloncesto Masculino	3	42	Universidade da Coruña
Balonmán Feminino	2	28	Universidade de Santiago de Compostela
Balonmán Masculino	3	42	Universidade de Vigo
Fútbol 7 Feminino	3	48	Universidade da Coruña
Fútbol 11 Masculino	3	54	Universidade de Santiago de Compostela
Fútbol Sala Feminino	3	36	Universidade da Coruña
Fútbol Sala Masculino	3	36	Universidade de Santiago de Compostela
Rugby Feminino	2	24	Universidade da Coruña
Rugby Masculino	3	36	Universidade de Santiago de Compostela
Voleibol Feminino	3	24	Universidade da Coruña
Voleibol Masculino	2	24	Universidade de Santiago de Compostela
Total	32	418	

4.2.3. Natación

- Organización: Universidade de Vigo. Campus de Ourense
- Data: do 4 de marzo ao 12 de marzo de 2015

Clasificación por universidades: a Universidade de Vigo clasificouse en primeira posición cun total de 207 puntos, seguida pola Universidade da Coruña con 195 e a Universidade de Santiago de Compostela con 92 puntos

4. Competicións universitarias

Participantes	Homes	Mulleres	Totais
Universidade de Vigo	15	3	18
Universidade de Santiago de Compostela	12	2	14
Universidade da Coruña	8	13	21
TOTAL	35	18	53



4.2.4 Orientación

- Organización: Universidade de Santiago de Compostela. Campus de Santiago de Compostela (Monte Pedroso)
- Data: 11 de abril do 2015
- Clasificación por universidades: 1ª Universidade da Coruña, 2ª Universidade de Vigo, 3ª Universidade de Santiago de Compostela
- Participantes: 56 (27 homes e 29 mulleres)
- Resultados individuais Uvigo: Cristina Fernández 2ª clasificada e Martín Pazó 1º clasificado.

4.2.5 Tenis de Mesa

I Trofeo Eugenio Monge

- Organización: Universidade de Vigo, Campus de Vigo
- Data: 17 de marzo
- Núm. de participantes: 33

Participantes	Homes	Mulleres	Totais
Categoría federados	7	2	9
Categoría promoción	23	1	24
TOTAL	30	3	33

Resultados:

- Categoría federados:

- 1.º clasificado individual masculino: Juan Luís Fuentes (USC)
- 2.º clasificado individual masculino: Lucas Rodríguez (Uvigo)
- 1.ª clasificada individual feminina: Olaya Cea (Uvigo)
- 2.ª clasificada individual feminina: Saleta López (UDC)

- Categoría promoción:

- 1.º clasificado individual masculino: Miguel Ángel Nombela (Uvigo)
- 2.º clasificado individual masculino: Miguel Ramón Díaz (Uvigo)
- 1ª clasificada individual feminina: Ana Casal (Uvigo)
- 2ª clasificada individual feminina: Patricia González (Uvigo)

4.2.6 Jukata (Judo, Karate, Taekwondo)

- Organización: Universidade de Santiago de Compostela. Campus de Santiago de Compostela
- Data: 15 de marzo de 2015
- Participación: 15

JUKATA	Homes	Mulleres
KARATE	–	–
TAEKWONDO	6	3
JUDO	5	1
TOTAL	11	4

- Resultados: a Universidade de Vigo resultou gañadora en ambas modalidades, sendo segunda a Universidade de Santiago de Compostela. En Karate non houbo competición.

4.2.7 Vela

- Organización: Marina Vilagarcía (Vilagarcía de Arousa)
- Data: 6 de xuño de 2015
- Participación: 9 deportistas (4 mulleres e 5 homes)

O Match Race Marina Vilagarcía converteuse no primeiro torneo galego universitario deste deporte. Cada universidade estivo representada por unha tripulación mixta, integrada por entre tres e catro alumnos e alumnas, que se mediron por separado ás embarcacións das outras dúas institucións competidoras.

No caso de Vigo, a representación correspondeu ao alumnado do Centro Universitario da Defensa (CUD) da Escola Naval Militar de Marín, centro adscrito á Universidade, que competiu a bordo dun barco da clase Elliot nunha proba que adopta un formato de “todos contra todos”.

Clasificación: primeiro posto para a UDC, segundo para a USC e terceiro lugar para a Universidade de Vigo.

4.3. Campionatos de España Universitarios

Un total de 35 deportistas (9 mulleres e 26 homes) representaron á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios, acadando un total de 13 medallas individuais. En Taekwondo, a Universidade de Vigo logrou o segundo posto final na clasificación por equipos e conseguiu continuar a súa xeira de podios estatais universitarios de xeito ininterrompido dende o ano 2002.

CATEGORÍA	LUGAR	DATA	PARTICIPANTES UVIGO
Baloncesto masculino	Unive. de Sevilla	Do 23 de marzo ao 7 de maio de 2015	12 homes
Esgrima	Univ. Politécnica de Madrid	Do 7 de maio ao 9 de maio de 2015	1 muller
Natación	UCAM Murcia	Do 4 ao 6 de maio de 2015	5 (3 homes e 2 mulleres)
Taekwondo	UCAM Murcia	Do 24 ao 25 de abril de 2015	9 (5 homes e 4 mulleres)
Atletismo	UCAM Murcia	Do 28 de abril ao 30 de 2015	6 (4 homes e 2 mulleres)
Voleibol praia	UCAM Murcia	Do 30 de abril ao 2 de maio de 2015	2 homes

MEDALLISTAS UVIGO CEU 2015		
Jose Ramón Rey Rodríguez	Natación	Prata 50 braza
Laura Pimentel Pérez	Natación	Bronce 400 e prata 800 libres
Jose A. Palomanes Martínez	Atletismo	Prata en triple salto
Carlos Revuelta Parra	Atletismo	Prata lanzamento martelo
Carmen Sánchez Parrondo	Atletismo	Ouro lanzamento xabalina
Laura Lorenzo Amoedo	Taekwondo	Bronce -46 Kg Minimosca
Marta Colón Cortegoso	Taekwondo	Bronce -57 Kg Pluma
David González Rodríguez	Taekwondo	Bronce -80 Kg Superlixeiro

Francisco Padín Oliveira	Taekwondo	Prata -68 Kg Pluma
Pablo Fernández	Taekwondo	Plata -87 Kg Semipesado
Katia Calvar Martínez	Taekwondo	Prata -67 Kg Superlixeiro
Judith María Rodríguez Menéndez	Esgrima	Bronce florete

<i>Medallas por equipos da Uvigo CEU 2015</i>		
Equipo	Taekwondo	Prata


4.4. XXVIII Xogos Deportivos Galaico-Durienses

Organizados pola UTAD e celebrados o 25 e 26 de novembro de 2014, contaron coa participación das tres universidades galegas e das portuguesas Universidade do Minho, Universidade do Porto e a propia UTAD, nas modalidades de voleibol, balonmán e natación.

A clasificación xeral quedou como segue:

	VOLEIBOL	BALONMÁN	NATACIÓN	TOTAL PUNTOS
1. ^a UMinho	4	6	6	16
2. ^a UPorto	6	4	2	12
3. ^a UVigo	1	5	5	11
4. ^a UDC	5	2	4	11
5. ^a USC	3	3	1	7
6. ^a UTAD	2	1	3	6





Secciones federadas

5

Seccións federadas



5.1. Campus de Ourense

5.1.1. Club Deportivo Tenis Dereito-Empresariais

Adestradores:

- Carlos Francisco Carreira Cruz
- Raquel Guede Estévez
- Manuel Quiroga Pérez
- Ricardo Alvarez Pérez

Licenzas: 64 (52 homes e 12 mulleres)

Equipos:

- Sénior A de primeira división autonómica: o equipo xogou a promoción do

ascenso, aínda que finalmente non acadou o éxito

- Sénior de terceira división autonómica: tamén este equipo disputou a fase de ascenso, sen acadar o ascenso de categoría
- Veteranos + 35: ascenso á división de honra
- Veteranos +45: cuarto posto na clasificación
- Veterano +55: esta tempada foi o seu primeiro ano na competición

Outros feitos relevantes:

- Organización do II Torneo San Raimundo Peñafort, que foi gañado polo xogador do club Pablo Mosquera Pérez
- O club conta con 4 árbitros nacionais: Carlos F. Carreira Cruz, José Manuel Fernández Rodríguez, Julio César Rodríguez González e José Mosquera Casero

5.1.2. Baloncesto

Adestradores:

- Xose Anxo Sánchez Yáñez
- Gonzalo González Rodríguez

Licenzas: 24 (12 homes e 12 mulleres)

Equipos:

- Sénior masculino: 1.^a división autonómica. Clasificación final: 10.^o posto
- Sénior feminino: 1.^a división autonómica. Clasificación final: campioas da competición por segunda vez na súa historia. Participación na fase de ascenso a primeira división nacional. Permanecerá na mesma categoría

5.1.3. Xadrez

Adestrador:

- Lino Hermida Araujo.

Licenzas: 19 (15 homes e 4 mulleres)

Equipos:

- Primeira División Autonómica: 2.^o posto
- Segunda División Autonómica: 3.^o posto

Outros feitos relevantes:

- Campión por equipos do circuío Galicia Central
- Campión individual do circuío Galicia Central: José Doval
- Organización do II Torneo Internacional Campus de Ourense, que se celebrou do 6 ao 12 de xullo

5.1.4. Rugby

Adestradores:

- David Monreal Izquierdo, adestrador equipo sénior masculino
- Julio Lamana Soria, adestrador equipo feminino
- Americo José Oliveira Gomes, adestrador equipo sub14
- Marcos Dacosta Suárez, responsable das categorías inferiores

Licenzas: 114 (78 masculina e 36 femininas)

Equipos:

- Liga 1ª división galega masculina: campións de liga
- Liga 1ª división galega feminina: subcampioas de liga
- Liga 1ª división sub14: cuartos clasificados
- Copa Xunta de Galicia sénior masculina: semifinalistas
- Copa Xunta de Galicia sub14: cuartos clasificados

Outros feitos relevantes:

- Equipo sub18: participación no campionato de España de clubes

5.2. Campus de Vigo

5.2.1. Rugby (*Blusens Universidade de Vigo*)

Adestradores:

- Liga nacional de división de honra masculina: David Mera y Norm Maxwell
- Liga galega feminina: Helena Rodríguez Broullón
- Liga galega de primeira división masculina: Diego Dolán
- Liga galega mixta sub-18: Adrián Lago
- Liga galega mixta sub-16: Darío Rodríguez
- Liga Galega mixta sub-14: José Ángel Martín Tello

Total de licenzas: 206. Sénior masculinas 61, categorías inferiores masculinas 106, sénior femininas 27, categorías inferiores femininas 12.

Equipo absoluto masculino de división de honra

- O Vigo Rugby Club, vinculado á Universidade de Vigo, non foi quen de acadar a súa permanencia na máxima categoría do rugby estatal e xogará a vindeira temporada na liga de división de honra B.
- Este equipo proclamouse campión da Copa Xunta de Galicia.

Equipo absoluto feminino de liga galega

- Acadaron a terceira posición na liga rexional galega pero foron quen de acadar o primeiro posto na fase clasificatoria para o ascenso á división de honra nacional. Nesta fase na que participaron os distintos representantes das comunicades

autónomas clasificáronse na sexta posición.

- Este equipo foi tamén subcampión da Copa Xunta de Galicia.

Equipo absoluto masculino de primeira división galega

- Ao remate da tempada acadaron a sétima posición na liga rexional galega e descendieron á segunda división.

Equipos categorías inferiores

- En categorías inferiores tanto o equipo sub- 16, como o sub-14 foron quen de proclamárense campións da Copa Xunta de Galicia.

5.2.2. Xadrez



Adestradores

- Mestre internacional Pablo García Castro
- Mestre internacional Roberto Páramos Domínguez
- Mestre FIDE Miguel Senlle Caride

Licenzas: 68

Nesta tempada concedéronse un total de 68 licenzas. Nas categorías inferiores houbo só deportistas masculinos, que sumaron un total de 16. Na sénior, 51 foron homes e 3 mulleres.

Competicións. Resultados salientables.

Autonómicas.

- Campionato galego: categorías de base. Rubén Fernández López. Campión galego sub 10.

- Campionato galego: absoluto activo. Pablo García. Subcampión galego absoluto.
- Liga galega 2014. Segundo posto na división de honra.
- Copa Galicia 2014. Miguel Senlle. Bronce

Nacionais.

- Campionato de España de xadrez de primeira división
- Linares (Xaén), do 8 ao 14 de agosto

A Universidade de Vigo pechou o campionato de España en terceiro lugar e mesmo tivo opcións de pelexar polo ascenso á división de honra. O equipo estivo integrado por xogadores que se formaron na canteira viguesa como Manuel Pena ou Miguel Senlle, e que completaban Roberto Paramos, Avelino Leirós e Francisco Carrera; estivo liderado polo seu adestrador-xogador, Pablo García.

Outras.

- Campionato de Europa +50 Blitz. Antonio Frois. Campión de Europa
- “VI Aberto Internacional Carlos I 2014”. Pablo García. Subcampión

Outros feitos relevantes. Eventos. Actividades.

- Novo éxito para a campaña de “Promoción do xadrez en idade escolar” que leva a cabo a Universidade de Vigo, co ouro de Rubén Fernández López na categoría sub 10 do campionato galego, e mais co ascenso logrado polo “Uvigo 2010” á segunda división galega. Estes dous feitos convirten á canteira da UVigo como unha das mellores de toda Galicia.



5.2.3. Tenis

Adestrador:

- Jorge Comesaña Comesaña

Licenzas tempada 2014/2015:

- O C. D. Universidade de Vigo contou esta tempada cun total de 30 deportistas, 20 homes e 10 mulleres, ademais de dous rapaces inscritos na categoría xuvenil.

Competicións:

Autonómicas

- Campionatos galegos por equipos:

- Equipo Veteranos + 35, 8.º posto “División Ouro” (max. categoría) 2014
- Equipo masculino A, 5.º posto de 1.ª categoría 2015
- Equipo masculino B, 9.º posto de 2.ª categoría 2015
- Equipo feminino, 9.º posto de 1.ª categoría 2015

- “Circuito Gadis Comarcal”

- Participación no circuito Gadis de Pablo Pérez

Outros feitos relevantes. Eventos. Actividades.

- Resultados destacados de xogadores do Universidade de Vigo en probas individuais.
- Jacobo Vilas: Campión cadete “Trofeo Santa Rita 2015” (2.ª proba “Circuito rexional galego Babolat”). Campión cadete “Torneo Express RCNV”
- Alejandro Vega: finalista Vet. +35 “Open Tenis Barceló”, finalista Vet. +35 “Open Verano RCNV”, finalista Vet. +35, “Torneo Express RCNV”
- Raquel Arreola: finalista campionato galego absoluto 2014, cuartofinalista “Máster Galego Absoluto 2014”, finalista “Open Gondomar 2014”, finalista “Trofeo RCEstrada 2014”
- Yago González: finalista “XIII Open Hermo 2014”
- Antón Díaz: finalista “Campionato Cidade de Vigo” Vet. +35 2014

5.2.4. Orientación

Adestradores: José Luís Armada, Enrique Fuertes e Martín Pazó

Licenzas tempada 2014/2015:

Tramitadas 41 licenzas, 27 das cales son masculinas e 14 femininas, unha é cadete feminina, unha infantil feminina e dúas infantís masculinas.

Competicións

- Liga galega de clubs: 5º posto na clasificación final. A nivel individual os resultados máis salientables corresponderon a David Pinal (1.º categoría H55), Julia

Fuertes (2.^a categoría M21), Ana Iglesias (4.^a categoría M-35) e Vicente Pastoriza (5.^o categoría H35).

- Campionato de España absoluto: carreira curta, longa e sprint (Valladolid, do 2 ao 5 de abril de 2015). Asistiron 7 compoñentes do equipo, logrando todos eles entrar entre os 15 primeiros postos.
- Campionato ibérico (Pontevedra, 9 e 10 de maio de 2015), coa participación de 32 deportistas.
- Isabel Pastoriza Santos (3.^a clasificada en M40), Vicente Pastoriza Santos (H40, 2.^o posto), José Luis Armada (4.^o na categoría H55)

Outras competicións:

- Dúas probas da liga nacional española
- Campionato ibérico (celebrado en Portugal)
- Dúas probas de liga nacional portuguesa

Outros feitos relevantes:

- A deportista cadete Julia Fuertes acudiu a Croacia e a Eslovenia no mes de xuño ás concentracións de alto nivel da Federación Española de Orientación.
- Colaboración co proxecto “Descubriendo o Norte” do colexio Escultor Acuña coa proba de introdución á orientación.
- Ampliación do plano topográfico para Orientación do Campus de Vigo. Levouse a cabo no mes de maio, por parte de Iván Merá, cartógrafo da FEGADO. O plano anterior ocupaba unha superficie de 2.000 m², o actual chega ata os 2.700 m². A ampliación desenvolveuse cara ao noroeste do Parque Forestal de Beade.

5.2.5. Carreiras populares

Na tempada 2014/2015 esta sección do Club Deportivo contou con 24 deportistas con licenza federativa.


Participacións en carreiras:

- HappyGoRunning – Cidade Universitaria: 7 atletas
- XLII Trofeo pedestrismo concello de Cangas memorial Pepe Cordeiro: 3 atletas
- XXXVII Carreira Pedestre Popular San Martiño Ourense, 2015: 2 atletas
- Nocturna Correndo por Vigo, MáisqueAuga: 1 atleta
- XXXVIII Carreira Pedestre Popular de Santiago 2015: 2 atletas
- XII Carreira Pedestre Concello de Moaña 2015: 2 atletas
- XVI Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2015: 6 atletas
- II 15 km del Atlántico, 2015: 1 atleta
- XVIII Medio Maratón de Vigo, 2015: 3 atletas
- Inte Running Concello do Porriño 2015: 2 atletas
- III Carreira Vigo Contra o Cancro, 2015: 2 atletas
- XX Medio Maratón Pontevedra, 2015: 2 atletas

- I Sanitas Marca Running Series Vigo, 2015: 1 atleta
- II Media Maratón Costa da Vela, 2015: 1 atleta
- II 24 horas de castrelos por relevos: un equipo de 12 atletas
- Carreira Solidaria pola Esclerose Múltiple Concello de Vigo, 2015: 7 atletas
- IX Carreira Popular Vigo +11 “Trofeo El Corte Inglés”, 2015: 4 atletas
- XXII San Silvestre do Porto, 2015: 4 atletas

Participacións individuais destacadas:

- Maratón de Berlín 2015: Óscar Pérez Entenza, Juan Luís Ramiro Gómez e Maximino Roi Méndez Rial
- Maratón de Chicago 2015: Pedro Comesaña Alfaro
- Medio Maratón de Riyadh Road Runners: Baltasar Manzano González (7º clasificado)



Eventos



Eventos



6.1. Organizados polo Servizo de Deportes

Campus de Ourense:

MasterClass de Zumba, Edición Entroido

10 de febreiro, MasterClass de Zumba, Edición Entroido. Celebrouse no pavillón de deportes universitario do campus de Ourense.

A clase foi impartida por dúas monitoras de AQA.

A participación rondou case as 50 parellas que viñan caracterizadas como parellas míticas do cine.

21 de xuño, III Premio Internacional de Atletismo Cidade Ourense

Torneo que se celebra coincidindo coas festas patronais da cidade.

Este evento quedará marcado na historia do atletismo galego como o día en que se superaba un dos seus recórdos autonómico máis lonxevos, o dos 100 metros lisos.

Facíao o coruñés do “Coruña Comarca” Denís Galán ao parar o crono nun tempo de 10.54.

24 ao 27 de xuño, II Clinic Internacional Baloncesto Campus Ourense

Clinic impartido por adestradores e especialistas de baloncesto de primeiro nivel , entre os que contou con:

Jota Cuspinera

- Adestrador axudante Baskonia ACB
- Ex adestrador axudante Real Madrid ACB

Salva Maldonado

- Adestrador Joventut Badalona ACB
- Adestrador Baloncesto Fuenlabrada ACB

Jesús Sala

- Entrenador Baloncesto Fuenlabrada ACB
- Exentrenador CB Clavijo LEB Oro

6 ao 12 de xullo, II Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense

Este torneo internacional de xadrez veu cubrir o oco deixado polo anterior torneo “As Burgas” e contou cun grande número de grandes mestres e mestres internacionais. Incluíu a celebración de conferencias e outros actos complementarios.

Contou coa asistencia de máis de 80 participantes. Un evento organizado pola Asociación de Xadrez Ourense Universitaria en colaboración co Servizo de Deportes da Universidade de Vigo e a Federación Galega de Xadrez.

“Campus lúdico-deportivo de xadrez”

29 ao 3 de xullo, “campus lúdico-deportivo de xadrez”, destinado a nenos e nenas con idades entre os 7 e os 16 anos.

Esta foi a primeira edición do campus asociado ao Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense.

Algunhas actividades desenvolvidas: rugby, nocións de supervivencia, preparación de fornos de pan con enerxía solar, xogos e xadrez (impartido polo gran mestre internacional Alejandro Hoffman).

Campus de Pontevedra

11 de decembro de 2014, XXIII Gala do Deporte

O Auditorio Centro Social Afundación de Pontevedra acolleu a celebración da XXIII Gala do Deporte da Universidade de Vigo, que tivo lugar o 11 de decembro do 2014, e que contou coa asistencia de 350 persoas. Este acto serve para recoñecer o esforzo e implicación de diferentes persoas e entidades coa práctica deportiva.

No acto alternáronse diferentes exhibicións e actuacións coa propia entrega de premios, entre a que cabe destacar o outorgado ao médico Juan José Crespo, que fora profesor da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e responsable das Unidades de Medicina Deportiva da Universidade de Vigo.

Ademais deste, tamén se entregaron distincións a aqueles estudantes que a pasada tempada lograron unha medalla nos campionatos de España universitarios. Os taekwondistas Borja Ríos, Laura Lorenzo, Lara Ouviaña, Katia Calvar, Francisco Padín e Ángel Parada; os atletas Sergio Tellería, José Alfonso Palomanes, Víctor Gallego, Carlos Porto e Carlos Revuelta; os nadadores Marc Ciurana, Laura Pimentel e Xenia Valiño, e a triatleta Aida Valiño foron os recoñecidos con estes premios individuais, tralos que se procedeu a efectuar un recoñecemento ao equipo de balonmán Eternos Aspirantes, que o pasado curso foi o único representante da Universidade na fase final dos campionatos estatais de deportes colectivos. Por outra banda, no apartado dedicado ás seccións federadas, os premios colectivos foron para a escola de iniciación do Vigo Rugby Club e para a Sección de Xadrez do Club Deportivo Universidade de Vigo, mentres que os galardóns individuais outorgáronse ao xadrecista Antonio Frois, ao xogador do Vigo Rugby Carlos Cabo e ao integrante do equipo de Orientación David Eladio Pinal. Tamén foron galardoados a titulada en Fisioterapia e subcampioa do mundo de paracuatlón, Susana Rodríguez e a “tenacidade como deportista, docente e investigador” do profesor de Ciencias da Educación e do Deporte, Joaquín Dosil. Acto seguido, a relación de universitarios premiados completouse cos V Premios á Excelencia Deportiva, que se lle concederon a Ángel Parada, Lara Ouviaña, Noelia Lalín, Aida Valiño, Marc Ciurana e Carlos Revuelta, tendo en conta tanto os seus resultados deportivos como os seus expedientes académicos.

Tamén houbo lugar para recoñecer, co III Premio Valor Solidario, ao labor realizado pola Asociación Aspace-Galicia á hora de empregar o deporte como unha ferramenta de inclusión social e para render homenaxe a extensa implicación coa práctica da actividade física do docente e preparador Antonio Puga, galardoado co III Premio Vida.

18 de decembro de 2014, Maratón Solidario de Zumba

O xoves 18 de decembro de 2014 celebrouse a decimosegunda edición do Maratón de Zumba Solidario no pavillón universitario do campus pontevedrés. Perto de 300 persoas participaron no evento e que aportaron 600 quilos de alimentos que foron entregados ao comedor social dos Pais Franciscanos.

24 de febreiro, Torneo Intercampus

Fase Final das Ligas Universitarias de deportes colectivos.

Celebrouse a fase final das ligas universitarias de deportes colectivos, organizada polo Servizo de Deportes no Campus de Pontevedra. As distintas competicións celebráronse ao longo do ano nos tres campus da Universidade, onde se foron proclamando os finalistas de cada modalidade, que competiron entre eles nas diferentes disciplinas deportivas: baloncesto masculino, balonmán masculino, fútbol sala masculino, fútbol masculino, voleibol mixto e fútbol sala feminino. Os vencedores representaron á Universidade de Vigo no campionato universitario galego celebrado en Ferrol os días 11 e 12 de marzo.

Máis de 200 alumnos e alumnas participaron na xornada, que se desenvolveu de xeito paralelo en tres sedes diferentes, o Pavillón Universitario, o multiusos da Xunqueira e o campo de herba artificial situado ao seu carón.

Campus de Vigo

26 de abril, IX HappyGoRunning: carreira + andaina

No evento colaboraron un ano máis entidades como o Concello de Vigo, UNICEF ou o Círculo Mercantil de Vigo e contou con preto de 700 participantes.



A carreira formou parte do Circuito de Carreiras Populares de Vigo e rexistrou unha inscrición de 590 corredores e corredoras que deron dúas voltas a un circuito de 5km que conectaba o campus Lagoas Marcosende co interior da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo.

	MASCULINO		FEMININO	
1.º	Hassan Lekhili	31 min 14 s	Esther Navarrete Santana	36 min 40 s
2.º	Daniel Bargiela Araujo	31 min 26 s	Rocío Rodríguez Martínez	37 min 31 s
3.º	Akka Essaadaoui	32 min 43 s	Ma Estela Estévez Barreiro	38 min 57 s

Os premios para as tres primeiras persoas da clasificación xeral tanto masculina como feminina foron de 400€, 300€ e 200€.

Esta novena edición da carreira tivo como novidade a organización dunha carreira de 5 quilómetros (só unha volta ao circuíto) especialmente dirixida a aquelas persoas que pretendían iniciarse nas carreiras de longa distancia. A inscrición foi de 110 persoas corredoras.

Tamén nesta ocasión se organizou de xeito paralelo unha andaina de 10 km de lonxitude. Na andaina participaron 55 persoas e presentou un percorrido moi atractivo polos arredores do campus Lagoas-Marcosende no que un dos puntos de reunión foi o miradoiro de Beade, dende onde se puido observar a ría de Vigo, a cidade enteira, a península do Morrazo e as Illas Cíes.

XIV Trofeo Universidade de Vigo de Orientación: 6 de xuño de 2015, campus de Vigo

A Universidade de Vigo, a través do Servizo de Deportes, organizou o XIV Trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación (quinta proba do calendario oficial da liga galega 2015). Trescentas trinta persoas de toda Galicia participaron na proba, que por segundo ano consecutivo tivo lugar no plano ampliado do Campus Lagoas-Marcosende e que agora conta cunha superficie de 2700 m².

A carreira desenvolveuse en dezasete categorías que empregaron once percorridos diferentes, desde o de iniciación ata o de elite.

Categoría de elite feminina

POS.	NOME	CLUB	TEMPO
1. ^a	Olalla Bello Rodríguez	Robaliza - A Coruña	1 h 10 min 05 s
2. ^a	Pilar Veiga Barbazán	USC	1 h 13 min 42 s
3. ^a	Isabel Pastoriza Santos	Universidade de Vigo	1 h 21 min 04 s

Categoría de elite masculina

POS.	NOME	CLUB	TEMPO
1.º	Ángel Álvarez Serto	Pontevedra AROMON	1 h 02 min 52 s
2.º	Maikel Rodríguez Domínguez	Pontevedra AROMON	1 h 04 min 35 s
3.º	Ramón Fernández Torres	ADC Arnela – Porto do Son	1 h 09 min 37 s

Coincidindo con este evento levouse a cabo a primeira acción do Plan de Fomento da Orientación de Precisión para persoas con algunha discapacidade, que contou coa

presenza do responsable da disciplina na Federación Española, Toño Hernández. O curso contou con 15 asistentes.

Programa Music + Sport (setembro-maio)

Terceira edición dun programa de clases maxistras de acceso libre para a comunidade universitaria e para a cidadanía en xeral. O programa estendeuse do mes de setembro ao mes de maio nun total de nove citas que reuniron un total de 326 persoas.

Diferentes estilos para distintos tipos de persoas, como zumba, pilates ou aero dance, sempre co obxectivo común de potenciar unha actividade saudable, divertida e dinámica. As clases desenvolvéronse no pavillón universitario e na piscina do campus de Vigo.



Xeocaching: I European Week of Sport

Campus de Vigo, 10 e 11 de setembro de 2015

A actividade foi organizada no marco da I European Week of Sport (do 7 ao 13 de setembro) que tivo como obxectivo sensibilizar aos cidadáns da Unión Europea sobre a importancia do deporte e a actividade física. Nesta primeira edición participaron 34 países.

No caso de España desenvolvéronse un total de 71 eventos enmarcados nesta iniciativa que terá unha periodicidade anual.

O Servizo de Deportes desenvolve o día 10 de setembro un evento de xeocaching baixo o título “Find the Hidden Treasures around the Campus of Vigo” no que participaron 25 estudantes de 11 países. Así, a actividade tiña a función de servir tamén de benvida aos estudantes internacionais.

A experiencia repetiuse o día 11 con idéntico formato para estudantes de ESO do centro O Castro International British School e contou coa participación de 45 rapaces e rapazas.

Este evento do Servizo de Deportes foi distinguido polo CSD como un dos tres máis salientables entre os realizados en España con motivo da Semana Europea do Deporte.

6.2. Coa Colaboración do Servizo de Deportes

6.2.1 Campus de Ourense

Andaina nocturna por parellas

La Región, 16 de maio de 2015. Máis de 200 persoas de todas as idades.

Campus Camp

Case 50 nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos gozaron das instalacións do Servizo de Deportes, acompañados polos seus monitores.

Campamento de verán Amencer: do 1 ao 13 de agosto

Rapaces desta asociación e os seus monitores gozaron da contorna universitaria e practicaron voleibol, fútbol sala e diversos xogos.

6.2.2 Campus de Pontevedra

Trimaratón:

Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

Fútbol sala, balonmán e baloncesto foron as tres disciplinas deportivas nas que competiron os inscritos nesta decimoprimeira edición do trimaratón organizado polo alumnado do último curso de Cafyd coa fin de recadar fondos para a súa viaxe de fin de curso. O Servizo de Deportes colaborou con eles cedéndolles o Pavillón Universitario, así como poñendo á súa disposición os servizos dun garda encargado de garantir a seguridade do evento.

6.2.3 Campus de Vigo

Xornadas Muller e Deporte e Programa de Tecnificación da Federación Galega de Orientación

Campus de Vigo, 27-30 de agosto de 2015

Nas Xornadas participaron 55 mulleres chegadas dende distintos puntos da xeografía española (Alacante, Málaga, Zaragoza, Valladolid, Asturias, Santander, Madrid...) e tres orientadoras iberoamericanas: Lizbeth Sánchez, de Costa Rica; Alby Aguilar, de Guatemala e Beatriz A. González, de Arxentina.

No programa de Tecnificación da Federación Galega de Orientación participaron 40 mozos e mozas das categorías infantil e cadete de toda Galicia.

I Torneo de Xadrez “Escola Miralba”

Tivo lugar o 4 de outubro nas instalacións deportivas do Colexio Miralba de Vigo.

Este evento naceu do compromiso da Universidade de Vigo como motor cultural e deportivo da cidade, coa promoción do deporte na idade escolar e coa forte convicción do Colexio Miralba no emprego do xadrez como unha valiosa ferramenta pedagóxica dentro do proceso educativo do alumnado.

A primeira edición do “Escolar Miralba 2014” reuniu preto de 200 xogadoras e xogadores chegados de toda a xeografía galega. Entre eles os dominadores do xadrez de base galego, como Rubén Fernández, vixente campión galego sub 10, da propia Universidade de Vigo, ou os irmáns Martínez Montes, da Escola de Xadrez de Pontevedra, as máis firmes promesas do xadrez galego que garantiron un espectáculo de altísimo nivel para o público asistente.

Debido ao compoñente solidario do evento, as persoas interesadas en participar puideron realizar unha inscrición voluntaria cun quilo de alimentos non perecedoiros que foron entregados ao Comedor da Esperanza de Vigo.

Máster class a favor da Asociación TEAVI

Campus de Vigo, 11 de xuño

A Asociación de Trastornos do Espectro Autista de Vigo, TEAVI, en colaboración co centro deportivo universitario AQA organizaron este evento para promover a actividade física.

Esta iniciativa, desenvolveuse en xornadas de mañá e tarde no pavillón e na piscina universitarios e estivo aberta a toda a comunidade universitaria.

Os participantes puideron practicar diferentes estilos de baile como zumba ou bachata, pero tamén pilates ou aeróbic, impartidos polos monitores Ángel Costas, Juan Bonifasi, Enma Lago e Jorge Rosario.

I Torneo de Mus Gaudeamus

9 de maio de 2015, Hotel Bahía de Vigo. Competición entre parellas da Universidade de Vigo e parellas das cidades de Vigo, Pontevedra e Ourense. Un total de 32 parellas das que 16 eran universitarias.

6.3 Sede doutras actividades e eventos

6.3.1 Campus de Ourense

- Festival Corpo a Terra: do 25 ao 4 de xuño. Danza e artes do corpo nas rúas de Ourense
- Escola de Tempo Libre Universitaria do Campus de Ourense: curso de monitores de tempo libre. Vinte mozos e mozas fixeron este curso para acadar a titulación de

“Monitor de Tempo Libre”

- Campionato galego de 10.000 metros absoluto: organizado polo Clube Aurum e a Federación Galega de Atletismo. O día 22 de marzo
- Quinta proba do circuíto Correndo por Ourense: o día 27 de setembro do 2015
- Campus Auria: campus de balonmán organizado polo Club Auria no mes de xullo
- Clases de Ciclo Indoor: ao longo do ano, para os usuarios de AQA piscina universitaria.

6.3.3. Campus de Vigo

- Curso de adestradores de fútbol nivel I impartido por CENAFE
- Torneo de Fútbol Sala GEPSA Vigo
- Masterclass de capoeira organizada pola Asociación Dende Cultural
- Campionato infantil de taekwondo do Ximnasio Kiap
- Xornadas de iniciación á escalada en rocódromo impartido pola Federación Galega de Montañismo
- Paper Wings Red Bull: a empresa Red Bull realizou unha competición multitudinaria de avións de papel
- Programa de formación permanente do profesorado: curso “Coida as túas costas”
- Obradoiro de iniciación ao teatro, impartido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria
- Obradoiro de guitarra impartido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria
- Obradoiro de risoterapia organizado polo Gabinete Psicopedagóxico da Universidade
- Liga Galega de Fútbol Gaélico: tres partidos
- Curso de mergullo impartido pola empresa Buceo Balea: a empresa Buceo Balea impartiu a parte teórica deste curso na aula do Edificio do Servizo de Deportes e a parte práctica na piscina do CDU
- II Xornadas de iniciación ao Softbol polo clube Os Halcóns de Vigo.
- III Carreira Popular Alejandro Gómez e canicross: cesión de paso desta carreira popular no percorrido que transcorre polas instalacións da Universidade de Vigo
- Torneo de rugby escolar no que participaron 400 xogadores e xogadoras
- Campus Camp: un ano máis, as nenas e nenos dos colectivos PDI e PAS con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos puideron usar, grazas á iniciativa Campus Camp, as instalacións do Servizo de Deportes para o desenvolvemento de actividades lúdico-deportivas coa finalidade de facer máis doado que o persoal da Universidade poida compatibilizar a vida profesional coa familiar
- Campus de fútbol e fútbol sala da Escola Deportiva Vigo 2015: campus de fútbol para máis de 50 nenos e nenas no campo de fútbol e o pavillón de deportes
- Adestramentos de fútbol 8 do Colexio O Castro International School de Vigo
- Oposicións a policía local do Concello de Gondomar
- Exames técnicos para árbitros da Federación Galega de Fútbol: o Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol fixo os seus exames técnicos no campo de fútbol e

pista de atletismo, para 160 árbitros da provincia de Pontevedra

- Probas físicas para árbitros para a Federación Galega de Fútbol: O Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos
- Curso de cronometraxe Sportident da Federación Galega Orientación
- Xornadas de tenis do Colegio O Castro International School
- Torneo de fútbol americano: o equipo de fútbol americano, Vigo Guardians, organizou un torneo de fútbol americano con 200 participantes
- Adestramentos do equipo de atletismo Sociedad Atlética Val Miñor que utilizaron a nosa pista de atletismo para os adestramentos de máis de 50 deportistas do seu club
- Curso intensivo de tiro con arco organizado polo Servizo de Deportes
- Xornadas de atletismo do IES Auga da Laxe de Gondomar.
- Proceso de selección de persoal para Galicia das tendas Decathlon
- Visitas á instalación solar polo alumnado do Mestrado en Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais e o Máster de Enerxía e Sustentabilidade para analizar a instalación de enerxía solar do noso pavillón de deportes
- Demostración de vehículo aéreo non tripulado (UAV) nas instalacións deportivas polo departamento de Enxeñería de Recursos Naturais e Medioambiente utilizando o pavillón de deportes ou o campo de rugby, para facer demostracións
- Taller de antropometría do Mestrado en Nutrición
- V Sláalom Automobilístico Cidade Universitaria: esta segunda edición do Sláalom de coches Cidade Universitaria, organizado pola escudaría universitaria Enxes Motor, formada por alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial e da Escola de Telecomunicacións, coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A competición, puntuable para o campionato galego desta especialidade, congregou ao redor de 2000 persoas, entre participantes e público
- Xornadas de Atletismo do CEIP Coutada-Beades: o CEIP Coutada-Beades celebrou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación Primaria
- Curso de Intelixencia emocional no traballo e control do estrés organizado pola Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade
- Torneos de San Teleco de fútbol Sala, baloncesto e tenis de mesa organizados pola delegación de alumnos e alumnas



*Actividades de formación
e divulgación*

7

Actividades de formación e divulgación



7.1. Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva

7.1.1 Créditos por participar en escolas deportivas

- Campus de Pontevedra: aeróbic + powerpump, pilates, tenis, danzas orientais e artes marciais, taichí e xadrez.
- Campus de Ourense: aquagym, orientación, tenis, xadrez, pádel e rugby.
- Campus de Vigo: ioga, natación, tenis e xadrez.

7.1.2 Créditos por participación no programa Rutas culturais

Por cada tres rutas nas que se participe concédese un crédito ECTS, ata un máximo de dous ECTS.

7.1.3 Créditos por asistencia a competicións universitarias

Os estudantes que representan a Universidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España universitarios reciben créditos, así como aqueles estudantes que participan en campionatos mundiais e europeos universitarios, ademais de universiadas.

7.1.4 Créditos por representar a Universidade de Vigo en competicións federadas

Estudantes que representen a Universidade de Vigo con algún dos seus equipos en competicións federadas oficiais.

7.1.5 Créditos por participar en actividades de voluntariado deportivo

Voluntariado na HappyGoRunning ou outros eventos deportivos universitarios.

7.1.6 Créditos por participación no programa Ponte en forma

Concédesse un crédito ECTS por 30 horas de práctica deportiva.

7.2. Bolsas, prácticas de estudos do alumnado

Varios estudantes tiveron a oportunidade a través do Servizo de Deporte, de adquirir experiencias pre-profesionais a través do seu programa de bolsas de formación complementaria e de colaboración.

Así, as persoas beneficiarias das bolsas iniciáronse en tarefas que, ou ben estaban vinculadas aos seus estudos ou ben lles servían de aprendizaxe laboral en tarefas relacionadas con eles, incorporáronse a un contorno de traballo real na administración universitaria.

7.2.1 Bolsas de formación complementaria: internacionalización, comunicación, competencias horizontais (Campus de Vigo)

Estas bolsas facilitan que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos. Durante o curso 2014/2015 foron convocadas dúas bolsas, cuxa duración foi de oito meses a razón de 20 horas semanais de dedicación.

Bolsas de colaboración para formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo:

- unha alumna bolseira do último curso do Grao en Tradución e Interpretación para o apoio ás estratexias de internacionalización
- unha alumna bolseira de mestrado para o apoio na comunicación web e redes sociais

7.2.2. Prácticas do alumnado

Programa Erasmus Prácticas:

- unha alumna da Universidade de Timisorara (Rumanía), que entre outras iniciativas coordinou a participación da Universidade de Vigo na 1.^a Semana Europea do

Deporte a través do evento “Atopa os tesouros ocultos do campus de Vigo”.

Prácticas de alumnado de cursos de mestrado:

- unha alumna do Mestrado en Psicoloxía Deportiva da USC colaborou na planificación e o desenvolvemento do programa Outdoor Campus, para a sensibilización en competencias transversais.

Prácticas de alumnado de Formación Profesional (Técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas):

- un alumno do CIFP A Farixa (Ourense)
- un alumno do IES María Soliño (Cangas do Morrazo)



7.2.3. Traballos fin de grao, mestrado e teses de doutoramento

Traballos Fin de Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (Ourense)

- Estado nutricional y actividad física en universitarios: influencia de las emociones relacionadas con la ingesta de alimentos. Tamara González González. Curso 2014-2015 (Directores Montserrat Míguez Bernárdez y Guillermo Santos Santos)
- Imaxe corporal e calidade da dieta en estudantes da Universidade de Vigo. Paula Fernandez Diz. Curso 2014-2015 (Directores Montserrat Míguez Bernárdez e Julia de la Montaña Miguélez)

Tese de Doutoramento

- Qualidade de vida relacionada coa Actividade Física e outros hábitos na Comunidade Universitária de Galicia. Alexandre Cadarso Suárez. 2015



7.3. Programa Outdoor Campus de desenvolvemento de competencias

Celebrouse o 5 de decembro de 2014 con 24 alumnos e alumnas matriculados no Mestrado de Innovación Industrial e Optimización de Procesos (Universidade de Vigo). O curso levouse a cabo nas instalacións do Servizo de Deporte, máis concretamente nas salas de ioga, xadrez, tenis de mesa e no pavillón universitario.


Xornada de Orientación de precisión e discapacidade

Campus de Vigo, 6 de xuño de 2015

Coincidindo coa celebración do XIV Trofeo Universidade de Vigo de Carreiras de Orientación Esta é unha das catro disciplinas de orientación internacional e polo xeral practícase por camiños e pistas e non implica unha carreira de punto a punto. A orientación de precisión caracterízase porque nela o obxectivo é interpretar correctamente os mapas e o terreo, polo que se eliminan variantes como a velocidade ou a forza física. Deste xeito, é unha disciplina aberta a todos os públicos, incluso para aquelas persoas con mobilidade reducida, porque permite competir en igualdade de condicións, xa que os competidores enfróntanse a problemas de orientación que só poden resolver coa axuda dun mapa e do terreo.



Outras actuacións



Outras actuacións



8.1. Calidade.

8.1.1. Xestión de queixas e suxestións

O Servizo de Deportes dispón de diferentes vías de recepción das queixas, suxestións e parabéns das persoas usuarias: aplicación QSP da Universidade de Vigo, correos electrónicos, mensaxes e comentarios nas súas redes sociais (Facebook e Twitter) así como as caixas de correo físicas que se atopan nas instalacións deportivas. Ao longo do curso recibíronse un total de 27 queixas, 12 suxestións e 3 parabéns que se distribuíron do seguinte xeito:

QUEIXAS

MOTIVO	OUR.	PONT.	VIGO
Aplicación web de xestión		3	
Lei de protección de datos		2	
Información confusa ou inexistente na paxina web		4	
Organización das ligas universitarias		2	
Retrasos na publicación da información			
Atención ao público deficitaria ou inexistente	2	1	2
Servizo de medicina deportiva			1
Limpeza e mantemento das instalacións ou do equipamento	3		2
Organización do programa Augaventura			1
Organización HGR			1
Peche das instalacións en fin de semana			1

SUXESTIÓNS

MOTIVO	OUR.	PONT.	VIGO
Paxina web informativa		3	
Taxas das instalacións deportivas		2	
Criterios de Selección CEU - Natación		1	
Aplicación web de xestión		1	
Organización das ligas universitarias - aprazamentos		1	
Normativa de uso das instalacións - rocódromo			1
Organización HGR			2
CDU AQA			3

PARABÉNS

MOTIVO	OUR.	PONT.	VIGO
Aplicación web de xestión		2	
Programación Augaventura		1	

8.2. Internacionalización

Panel de expertos da UE sobre promoción da saúde a través da actividade física.

Lisboa, 25-26 de xuño

O panel de expertos está conformado por un representante de cada estado membro da UE, pola Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea e por representantes de institucións invitadas en calidade de observadores para achegar ideas, puntos de vista e propostas no eido da saúde e na loita contra o sedentarismo. As universidades europeas estiveron representadas por Javier Rial, responsable do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, como membro de ENAS, a Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios.

Este grupo de expertos é un dos cinco derivados do novo plan de traballo da Unión Europea para o deporte 2014-2017. O seu cometido concreto é o de xerar documentos con recomendacións para motivar ás persoas na práctica deportiva dende as escolas, sobre todo cando o sedentarismo e a obesidade son problemas cada máis presentes nos países do continente.

A partir destas liñas, a UE quere delimitar exemplos de boas prácticas, iniciativas que se poidan poñer en marcha en todos os países e que aumenten a participación e as condicións que favorezan estilos de vida saudables.



Conferencia anual e participación no Comité Executivo da Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS)

Continuou durante o curso 2014/2015 a participación activa do Servizo de Deportes dentro da rede ENAS.

Javier Rial segue a formar parte do seu comité executivo e representou á Universidade de Vigo na conferencia anual da rede que tivo lugar en Lille (Francia) durante a segunda semana de novembro de 2014.

Train and Talk

O programa estivo centrado na formación de grupos de persoas interesadas en simultanear a práctica de diferentes modalidades deportivas e a práctica de idiomas. Así, esta iniciativa estivo xestionada por estudantes Erasmus en prácticas de Rumanía, Polonia e Finlandia.

Participación no proxecto Active Campus Europe (ACE)

A Universidade de Vigo, a través do Servizo de Deportes, participou no proxecto ACE para a posta en marcha dunha rede europea de campus saudables dentro da convocatoria Erasmus+Sport.

En total forman parte del 17 universidades de sete países, coordinadas pola University of Aachen, para desenvolver a nivel europeo un programa de mobilización das persoas da comunidade universitaria sedentarias ou pouco activas. En cada un dos sete países foron seleccionadas dúas universidades, agás en Alemaña, onde se incorporan todas as universidades do länder de Renania do Norte-Westfalia.

Participan 17 universidades de cinco países coa idea de poder estendelo a toda a UE.

No caso de Active Campus Europe non se trata de fomentar o deporte e a competición, senón de incentivar os hábitos saudables e loitar contra o sedentarismo. Pero a rede que se tece entre as universidades neste tipo de proxectos fai que xurdan estas novas iniciativas, e de feito, Active Campus Europe está impulsada por un membro de Enas, Peter Lynen, da University of Aachen e conformada por universidades que tamén son membros da asociación, da que Rial é membro do comité executivo.

Participación na I Semana Europea do Deporte

A Universidade de Vigo participou cunha competición de xeocaching denominada “Find the Hidden Treasures around the Campus of Vigo”.

O evento tivo lugar o 10 de setembro coa participación de 25 estudantes de 11 países. A actividade repetiuse para os estudantes do colexio O Castro International British School o día 11, contando coa participación de 45 alumnos e alumnas.

O evento foi seleccionado polo Consejo Superior de Deportes como un dos tres eventos en España que gañou o “Certificado de Reconocimiento por la implicación de las actividades desarrolladas”.

A Semana Europea do Deporte tivo como obxectivo promover a participación e a sensibilización sobre a importancia do deporte e da actividade física. A primeira edición tivo lugar do 7 ao 13 de setembro de 2015 e contou coa participación de 34 países.

En España organizáronse 71 eventos.

8.3. Igualdade

O Servizo de Deportes continuou traballando na incorporación da perspectiva de xénero no seu día a día tanto no deseño da oferta de actividades, na publicidade empregada, no uso de linguaxe inclusiva ou na presentación dos seus resultados.

Por outra banda, a oferta deportiva seguiu orientándose ao obxectivo de acadar porcentaxes similares de participación entre mulleres e homes.

Tomemos o conxunto dos tres campus e tres dos programas máis significativos da oferta:

- Escolas deportivas: o total de mulleres é de 324 o que representa o 62.7 % dos usuari@s.
- Rutas culturais: o total de mulleres é de 267 o que representa o 47% dos usuari@s.
